

# AS INOCENTES

[Anne Fontaine, 2016]

# 183

ESTREA EN NUMAX: 23.12.2016 | V.O.S.E. | +12

## FICHA TÉCNICA

*Les innocentes* (2016, 115')

**Dirección:** Anne Fontaine

**Guión:** Sabrina B. Karine, Pascal Bonitzer, Anne Fontaine, Alice Vial

**Elenco:** Joanna Kulig, Lou de Laâge, Agata Buzek, Agata Kulesza, Anna Próchniak, Vincent Macaigne, Katarzyna Dabrowska

**Montaxe:** Annette Dutertre

**Dirección de arte:** Anna Pabisiak

**Son:** Olivier Mauvezin

**Música:** Grégoire Hetzel

**Fotografía:** Caroline Champetier

**Produtora:** Mandarin Films, Mars Films (Francia), Aeroplan Films (Polonia)

**Distribuidora:** Caramel Films España

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Francés, polaco

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Primavera en Normandía*, 2014

*Adore*, 2013

*Mi peor pesadilla*, 2011

*Coco, de la rebeldía a la leyenda de Chanel*, 2009

*La chica de Mónaco*, 2008

*Oh La La!*, 2006

*Entre sus manos*, 2005

*Nathalie X*, 2003

## FESTIVALS

Valladolid 2016 (premio FIPRESCI), Provincetown 2016 (premio do Público), Norwegian International Film Festival (premio Andreas), Seattle 2016 (nominacións ao Mellor Director e Mellor Actriz —Lou de Laâge—)

## SINOPSE

Agosto de 1945. Un mosteiro preto de Varsovia alberga un escuro segredo. Mathilde Beaulieu é unha moza médico enviada pola Cruz Vermella co fin de garantir a repatriación dos prisioneiros franceses feridos na fronteira entre Alemaña e Polonia. Aínda que Mathilde é inexperta, deberá sacar adiante unha situación extrema e axudar ás irmás.

«Filme libre de calquera exceso ou apelación emotiva que expón en intelixente claro escuro o tema da maternidade, fala da solidariedade e da coraxe, e está cheo de merecidas homenaxes»

Fernando López. LA NACIÓN



# AS INOCENTES

[Anne Fontaine, 2016]

**“Creo que a beleza transcende a violencia. Mesmo no sufrimento hai beleza”**

**Entrevista a Anne Fontaine**

Por Anne-Claire Cieutat

**As inocentes é un filme de caras: hai algunhas, omnipresentes, de relixiosas cubertas, enmarcadas nun cadro, e esa de Mathilde, enmarcada pola touca estruturada... Si, a cara de Mathilde é coma a dunha virxe, en certa forma. Vén da misión da Cruz Vermella francesa en Polonia, debeu atoparse de fronte cos horrores da guerra e agora está no convento, coas irmás, que viven nunha situación extrema de dúbidas e traumas. Ao principio ela é bastante fría e racional e progresivamente vai ir acollendo no seu interior o misterio destas mulleres que rezan, cantan e gardan a esperanza. É verdade que é un filme onde as caras e os planos das súas caras son fundamentais, porque hai algo indicíbel que está detrás da pel. Traballamos sobre a textura da pel, sobre a transparencia.**

**E despois están eses corpos camuflados detrás dos hábitos das relixiosas. No seu caso, é aínda máis intrigante, pois o seu cinema adoito sitúa o corpo no centro... É unha historia que fala do corpo, da imposibilidade de amosalo e de dar a vida. Foi apaixoante componse, como un lenzo pictórico e como o lugar onde se vive todo: as preguntas, o medo, o amor, a esperanza. É realmente un filme de grandes planos.**

**Paradoxalmente, ao tempo que é unha historia dolorosa, paréceme que o filme tende á harmonía, co seu traballo da luz, os encadres, o son... É algo cada vez máis presente nas súas películas, en xeral. Falaría de suavidade. Penso que parte do feito de contextualizar e coller as cousas no seu misterio, desde a súa face non visíbel. En todo caso, é o que busco cada vez máis no feito de rodar. E máis aínda cunha historia como esta, onde se trata de non ter unha visión unívoca sobre os personaxes. Quería que se notara, mesmo de xeito inconsciente, que había unha**

posibilidade de saída cara a luz. É algo que ten que ver co meu propio gusto: creo que a beleza transcende a violencia. Mesmo no sufrimento hai beleza. Debe ser o meu lado místico o que quere expresarse!

**A ultraxe está a miúdo no centro das súas historias. E particularmente no caso deste filme. E, coma sempre no seu cinema, hai unha ausencia total de xuízo sobre a situación.** Non son moralista e nunca condeno a ningún dos meus personaxes, mesmo os que fan o mal dalgunha forma. É unha maneira de insuflar enerxía, vitalidade, elegancia. Creo que filmar cunha certa elegancia déixalle espazo aos personaxes e ao espectador, que non é, por conseguinte, un refén do filme, é libre de atopar o seu lugar. Creo que o espectador debe contar a súa propia historia a partir desta historia. A harmonía é algo aberto: é a transcendencia que supera o xuízo moral.

**Vincent Macaigne, no papel de médico da Cruz Vermella, achega ao filme unha frescura, unha liberdade de ton moi característica del, o representante do novo cinema francés... Si, aquí el está estilizado no seu propio papel. Foi un reto facelo cambiar. Mandei ensaiar porque tiña a sensación de que achegaría fantasía e orixinalidade a este personaxe. Gústame nos seus papeis de mozo desgarbado, pero aquí o reto era que estivese teso, co cabelo e a barba ben cortados, e que se movese no seu universo particular. Xunto con Lou, acho que forman unha parella atípica e inédita.**

**Gostas do o cinema de Robert Bresson?** Encántame! Para este filme amoseille *Los ángeles del pecado* á miña operadora de cámara. Gostei moito de *Las damas del bosque de Bolonia* e *Pickpocket*. Tamén tiven como referencia *Thérèse*, de Alain Cavalier, pola luz e o seu sentido do misterio á hora de filmar as caras.

Publicado en [www.bande-a-part.fr](http://www.bande-a-part.fr)  
Tradución: Olalla Cociña

## NA LIBRARÍA NUMAX

**Cartas de una novicia (Historia de una curruca), Giovanni Verga.** Funambulista, 2015  
**Cartas de la monja portuguesa, Mariana Alcoforado. Ilustracións: Milo Manara.** Libros del zorro rojo, 2013  
**Vida y visiones de Hildegard von Bingen.** Edición de Victoria Cirlot. Siruela

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME